

CONVOCATORIA

CURSO MONOGRÁFICO DE INGLÉS AUDIOVISUAL.

DESTINATARIOS

Este curso monográfico de Inglés Audiovisual está dirixido aos profesionais do sector audiovisual (preferiblemente cun nivel lingüístico intermedio e intermedio-alto) que estean familiarizados coa lingua inglesa, e que desexan potenciar e ampliar as súas destrezas comunicativas sobre todo no ámbito da industria dos medios audiovisuais.

OBXECTIVOS

Os obxectivos xerais correspóndense co nivel B1 do Marco de referencia europeo para a aprendizaxe, o ensino e a avaliación de linguas do Consello de Europa.

O alumnado (actores, directores, produtores, guionistas, técnicos, axentes de vendas internacionais e outras persoas empregadas no sector audiovisual) adquirirá ou mellorará o seu nivel de competencia (oral e escrita) na expresión de certos aspectos específicos da lingua inglesa que lles permita desenvolverse en situacións coas que se poidan atopar no seu ámbito profesional.

DURACIÓN E CONTIDOS

A duración do curso será de **45 horas**. A formación desenvolverase de acordo cos seguintes contidos:

- Comunicación oral ou escrita co persoal do eido audiovisual.
- Comprensión escrita dos contratos que se poden atopar na industria audiovisual.
- Negociación oral ou escrita de tratos.
- Redacción de cartas de representación e currículos para a procura de traballo.
- Comunicación e negociación nas probas e entrevistas de selección.
- Comprensión de cinema e producións televisivas en inglés.
- Adquisición de vocabulario a través dos diversos medios de comunicación audiovisual ao seu alcanza
 - Terminoloxía de rodaxe e interpretación.
 - Terminoloxía de produción audiovisual.
 - Terminoloxía de negocios.

METODOLOXÍA

As clases serán fundamentalmente **prácticas** e cun **enfoque comunicativo** que fomente, en todo momento, a utilización da lingua obxecto de estudo no seu aspecto de produción oral. O alumnado terá que interactuar na conversa cos seus compañeiros e co profesor, e ao mesmo tempo, terá que abordar material audiovisual auténtico ou adaptado ao nivel como, por

Confinancian:

Colabora:

exemplo, extractos procedentes de emisións de medios de comunicación en lingua inglesa, programas televisión, películas etc.

Entre as actividades, poderanse utilizar diálogos estruturados e/ou improvisados, role-plays (como dar discursos en cerimonia de premios...), os debates que xurdan no propio desenvolvemento dos temas a tratar, etc.

LUGAR DE CELEBRACIÓN

EOI de Santiago de Compostela. Rúa Ulpiano Villanueva 1-2. Vite. Santiago de Compostela.

CALENDARIO

O curso dará comezo o **2 de Febreiro** e impartirase os venres durante 9 sesións en horario de 16 a 21 horas, segundo o seguinte cronograma:

SESIÓN 1	SESIÓN 2	SESIÓN 3	SESIÓN 4	SESIÓN 5	SESIÓN 6	SESIÓN 7	SESIÓN 8	SESIÓN 9
2 de febreiro	9 de febreiro	16 de febreiro	23 de febreiro	2 de marzo	9 de marzo	16 de marzo	23 de marzo	6 de abril

PRAZO DE INSCRICIÓN

O prazo de inscrición finaliza o **12 de Xaneiro de 2018**.

PREZO

COTA SOCIOS CLUSTER AUDIOVISUAL GALEGO	202.-€
COTA XERAL	232.-€

FORMACIÓN BONIFICADA

Debido a que o **Cluster Audiovisual** está acreditado como **entidade organizadora de formación continua** pola FUNDAE (Fundación Estatal para a Formación no Emprego), o custe do curso poderá ser financiado total ou parcialmente mediante o crédito de formación acumulado pola empresa a través das bonificacións nas cotizacións da Seguridade Social, a aquelas empresas que decidan encomendar a xestión deste crédito ao Clúster.

IMPARTEN

Dolores Gómez Gómez, profesora de inglés da EOI.
Paul Roberto Herron Campos, profesor de inglés da EOI.
Laura Martínez Pellicer, profesora de inglés da EOI.
Diana Pastoriza Espasandín, profesora de inglés da EOI.

Confinancian:

Colabora: